

I ENCONTRO DE BARRANQUISMO

NO XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO MONTAÑAS DO COUREL

29 e 30 de xuño 2019

Casa do Concello de Folgoso do Courel

sábado 29

09:00 Recepción das persoas participantes



10:30 Presentación da Guía de Barrancos e Canóns - Montañas do Courel Xeoparque Mundial da UNESCO



11:00-20:00 Actividade nos barrancos



20:30 Charla "O Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel". Presentación oficial do vídeo sobre o Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel



21:30 Cea de confraternidade

domingo 30



09:30-13:00 Actividade nos barrancos. Sorteo de material



Inscripción previa e regulamento en:
www.courelmountains.es/eventos



Actividade aberta a público en xeral. Sen inscrición previa

ACTIVIDADES GRATUÍTAS

REGULAMENTO

I ENCONTRO DE BARRANQUISTAS

Casa do Concello de
Folgozo de Courel
29 e 30 DE XUÑO 2019



- **1.** Poderán participar nesta actividades tod@s @s deportista que o desexen, sempre e cando acrediten no momento da súa inscrición ter un seguro vixente que cubra a práctica desta modalidade deportiva.
- **2.** Os menores de idade precisan de permiso paterno e acudir tutelados por un adulto (que custodiará o permiso paterno).
- **3.** Non poderán asistir menores de 14 anos.
- **4. Os participantes virán equipados co seu material persoal completo de barrancos:** traxe de neopreno completo, casco, calzado axeitado e o material de progresión vertical, **tanto individual como colectivo** en función das actividades que teñan previsto realizar (dúas cordas de 45 metros son suficientes para facer calquera dos descensos propostos).
- **5.** A organización non se responsabilizará de posibles accidentes. No momento de formalizar a inscrición e recoller o material informativo, cada participante terá que asinar un documento de descarga de responsabilidade e asunción do risco por parte da organización.
- **6.** A **inscrición realizarase ata o día 26 de xuño** no correo electrónico info@ribeirasacracourel.es Nesta inscrición constarán: nome e apelidos, DNI, idade, individual ou dentro dun grupo e tipo de seguro vixente (que deberá presentarse no momento da chegada).
- **7.** Por razóns organizativas no **I ENCONTRO BARRANQUISTAS**, establécese un límite de **60 prazas para participar**. As prazas asignaranse por rigoroso orde de inscrición.
- **8.** A organización encargárase de solicitar os permisos necesarios para a realización das actividades. O permiso para a realización de descensos abarcará, para os participantes nesta actividade, dende o sábado día 29 de xuño ata o domingo 7 de xullo.

- **9.** Os barrancos propostos pola organización son os quince que figuran na guía BARRANCOS E CANÓNS MONTAÑAS DO COUREL. PROXECTO DE XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO, que se entregará ao inicio da actividade:

-SECTOR SECEDA: Forgas do Fial e Veiga Darca.

-SECTOR FOLGOSO DO COUREL: Carballido Superior, Carballido Medio, Coiteladas, Fieiteiras, Rego do Val, Eiriz e Inferno.

-SECTOR SEARA-FERRAMULÍN: Río Selmo e Aceval.

-SECTOR CAMPODOLA: Ferreiroño e Regueiro Seco.

-SECTOR SOLDÓN: Vilarmel e Fiais.

Para estes percorridos a organización solicitará permiso para os inscritos dende o sábado día 29 de xuño ata o domingo 7 de xullo.

- **10.** Ao inicio da cada xornada os participantes indicarán aos membros da organización cal é a súa previsión de actividade. Para evitar a aglomeración en determinados percorridos a organización pode orientar aos participantes establecendo un número máximo de deportistas nun mesmo descenso.
- **11. Na medida do posible a organización facilitará os desprazamentos en aqueles percorridos que precisen a combinación de vehículos.**
- **12. Cambiamos lixo recollido nos barrancos por produtos típicos do Territorio Montañas do Courel.**
- **13.** Para finalizar a actividade haberá un sorteo de material no que participaran todos os inscritos co número da súa inscrición.
- **14.** Calquera situación ou dúbida non contemplada neste regulamento será resolta pola organización.
- **15.** A inscrición dos participantes leva implícita a aceptación destas bases.